

### A corda dunha guitarra

No tempo no que os veráns duraban mil anos, a canción da azinheira mesturábase no asento de atrás dun Renault 12 coas aventuras dos nenos nicaraguanos que aprendían a se defender do gringo e os acordos tristes dun home ao que, contaba o avó, cortáranlle as mans nun estadio de fútbol ateigado de uniformes. Decía, tamén, que aquela música, cantada nunha fala tan semellante á nosa, sonara por vez primeira en Santiago. Nós eramos aínda cativos, unha das poucas cousas ás que o tempo si pon remedio. E así pasaron moitos veráns máis, cada un máis curto có anterior, ata que o carro foi ao desguace. Mais a vila morena regresou, desta volta para substituír o Himno Soviético cada noite, no peche dun certo garito compostelán. Os tróspiros de güisqui foron tomando aos poucos o lugar dos caraveis, e a revolución pola que chamaban naufragou nas pozas dun cento de esmorgas de novos ricos con resaca á volta da esquina. E niso andamos agora, tantos anos despois, nunha fenomenal resaca de pesadelo, alimentada polos mesmos que nos deron a beber falso acougo envelenado con licor de hipoteca. Retorna o tempo de procurar acobillo á sombra daquela azinheira sen idade, de percorrer o camiño a Grândola sen atallos traidores, de tirar do enchufe de Mátrix e espertar un pobo que, se non ordea, será ordeado e ben ordeado polos vampiros que anuncian o Estado Novo. En realidade, o vello Estado de sempre, vertical, esmagante, piramidal, que hoxe afía os dentes disfrazado de mercader global. Ás veces, para pinchar un globo, abonda coa corda dunha guitarra.

Serxio Gonzalez

### Parábola sobre utopía


A forza de escuros afíxoseche o corpo á soidade, sen atopar un recuncho de liberdade onde desatarte en bicos. Un recuncho onde proclamar os teus insomnios e berrar, sen trabas nin trabes, a creación dunha cidade nova. A túa cidade non alborexaba por ningures. Eran malos tempos para humanizarse, malos tempos para berrar que a infancia debe ter infancia, que as mulleres da noite son pombas! Ou que ao final todos somos fillos da madrugada.

Eran malos tempos para crer nas minorías, para chamar polo seu nome aos fascistas carniceros, para crear cooperativas no Alentexo ou para ensinar a ler o mundo sen verbas mastigadas. En cambio ti, guitarra en man, trascendiches o teu pequeno planeta de mestre ata facer homes ergueitos en gorxas colectivas. Gorxas universais que, dende o Burgo das Nacións, expandiron a fraternidade nese soño que ecoa polas nosas cidades interiores como unha primavera que rebenta cada 25 de abril. Dende aquela, toda Galiza nos sabe a ti! E en soños tecemos pequenas Urgas libertarias para agromar a túa palabra forte e xusta que forxa a liberdade, como o único xeito de dignidade que ten porvir.

Iago Santalla



Suso Sanmartín



vin palidecer rosas na miña presenza, ao xacer da música, e galopar cabalos negros de lástima que secaban os prados ao seu paso.

vin inventar anos de fame na sombra desta lingua,

no país dos almacéns

de nenos

con cráter.

vin xirar, tamén, un mundo.

asumín a ortografía de silencios, dos fenicios, dos cánidos,

e dos reis decrepitos, afogados na melancolía dun campo de arroz

escrito na súa cruz.

permanecín mudo, inmóbil, inerte,

cando eu era nós,

antes de esta cicatriz ser ferida.

o límite é como sangrar, na escaleira, ao pronunciar roma.

Gonzalo Vázquez

Juan Carballo

B  
a  
l  
e  
i  
r  
o  
B  
a  
l  
e  
i  
r  
o  
m  
o  
e  
s  
t  
á  
b  
o  
t  
e  
l  
l  
a  
q  
u  
e  
a  
r  
r  
e  
r  
i  
a  
m  
e  
n  
s  
a  
x  
e  
n  
u  
n  
h  
a  
b  
o  
t  
e  
l  
l  
a  
n